



**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**  
**AXENCIA TRIBUTARIA**

## **iiiPor fin...:Mesa de Vixilancia Aduaneira!!!**

Como xa informabamos na nota informativa de onte, a CIG ameazou con prantar as mesas de negociación se a AEAT non se dignaba a incluír unha reunión sobre Vixilancia Aduaneira no calendario previsto para este ano. Pois ben, a nosa ameaza e insistencia conseguiu que, por fin, toda a parte social se unira a nosa petición ante o Subdirector de RRLL, que se comprometeu a "elevar" ás altas instancias a nosa petición e dar unha resposta canto antes.

Ao comezar a reunión prevista para hoxe (Saúde Laboral) o propio Subdirector comunicounos que haberá unha reunión para tratar en exclusiva temas de Vixilancia Aduaneira.

Esta reunión está prevista para o mes de decembro e veremos o que nos depara. Non cremos que se vaia solucionar moito pero polo menos conseguimos que tanto como a AEAT como o resto da parte social lembren de que Vixilancia Aduaneira tamén existe. Somos testemuñas, día tras día, do pasotismo total dos responsables de RRHH respecto a Vixilancia Aduaneira, propiciado tamén polos propios dirixentes de Aduanas; actitudes que, sen dúbida, levan a que ninguén se lembre do traballo deste colectivo dentro da AEAT.

Pola parte da CIG, faremos o noso traballo e presentaremos á AEAT coa debida antelación, os asuntos dos que queremos tratar (segunda actividade, Acordo Horario...etc) e esperemos que este sea o primeiro paso para comezar a estudar todos os temas que están "aparcados" desde moito tempo atrás.

Con todo, seguiremos adiante coa denuncia contra a AEAT no Xulgado Contencioso-Administrativo Central pola súa deixadez con Vixilancia Aduaneira e seguiremos denunciando en todas as instancias o que está acontecer cos seus funcionarios.

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**01/10/09**

CIG AEAT:  
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA  
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.  
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44  
Fax:981 12 72 22  
[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)  
[WWW.CIGAEAT.COM](http://WWW.CIGAEAT.COM)